

A FILOSOFÍA NA AULA DE INFANTIL. PROXECTO ADAPTADO AO CEIP DO FOXO (A ESTRADA)

Falar de filosofía para nenos resulta as veces sorprendente, cando non causa unha certa desaprobación que se deriva das investigacións piagetianas e das taxonomías de obxectivos que sitúan a abstracción e a formación de conceptos lonxe das posibilidades dos nenos e nenas. Porén este proxecto se asenta en investigacións que demostran non so a capacidade dos nenos para entender aspectos complexos e de plantexarse situacións de reflexión, senón tamén, da idoneidade do estudio sobre o propio pensamento para propiciar unha mellora nos hábitos reflexivos, expresivos, de tradución e de emotividade. Nos esforzamos para que os nosos nenos camiñen, para que non tropecen, que adquiran unha marcha segura e independente. Axudamos aos nenos a desenvolver a linguaxe, repetimos estruturas comunicativas, amosamos a importancia de entender e facerse entender. Pero ao feito de pensar non dedicamos ningún esforzo. Supoñemos que o pensamento se vai desenvolvendo e que o neno adquire hábitos de razoamento de xeito natural. É máis, probablemente nin sequera nos plantexamos se esas capacidades se poden ou se deben motivar dalgún xeito. A filosofía para nenos é unha disciplina que axuda a reflexionar sobre todas as capacidades do pensamento humano, temos que preguntarnos:

¿Como pensan os nenos da aula? e

¿Cómo facemos para que pensen mellor?

Nos preguntamos como estimular a súa reflexión sobre esa actividade da mente, escoitar esa “voz en off”, preguntarlle, corrixila, modulala. Polo tanto, creamos un MODO DE PENSAR. Pero tamén un MODO DE SER¹, unha educación ética que non sexa moralizante, senón reflexiva e creativa.

O curriculum de filosofía para nenos que desde os anos 70 se imparte en escolas dos EEUU orixinouse nas reflexións de M. Lipman e asume a infancia dun xeito novo. Entende aos nenos como criaturas capaces de pensar e capaces de facelo cada vez mellor. Entón para crear un proxecto de filosofía para nenos tamén nós temos antes que reflexionar sobre o que é pensar e que é pensar ben. Para este proxecto entendemos que pensar inclúe:

¹ “La educación está llena de calamidades porque es una aventura imprevisible en la que se construye una persona, una aventura que nadie puede programar” Meireu (2007) Frankenstein educador, Barcelona, Laertes.

-Habilidades de PERCEPCIÓN: captamos o mundo exterior, reflexionamos sobre o límite dos sentidos, sobre a necesidade de atención de concentración e de interese.

-Habilidades de INVESTIGACIÓN: Propiciamos a produción de preguntas, a pregunta é, en palabras de Angélica Sátiro, un bico na mente, un espertar da conciencia tanto para o que a formula como para quen intenta darlle resposta.

-Habilidades de CONCEPTUALIZACIÓN: Poñer nomes, dicir o nome do que percibimos ou do que pensamos significa ir desentrañando o misterio do mundo. Nomear, conceptualizar, fai noso o obxecto e nos permite comunicarnos sobre el. Posibilidades de organizar a súa experiencia de xeito narrativo. Somos palabra e somos a interpretación que facemos desas palabras.

-Habilidades de RAZOAMENTO: Organización e procesamento das ideas, aprendemos a distinguir, a incluír, a facer inducións, deducións, hipóteses.

-Habilidades de TRADUCCIÓN: Nos axudan a dicir a mesma cousa utilizando diferentes linguaxes: oral, escrito, musical, xestual, plástico...

Entendemos que todas estas habilidades se poden estimular mediante a reflexión grupal e dialóxica, e así organizamos as sesións cos alumnos de educación infantil, partindo dunha situación problemática, unha proposta ou un conto faremos unha exposición dialogada e participativa que espera ter continuidade en hábitos e rutinas que se vaian incorporando á dinámica da aula (por exemplo a dinámica de reflexión grupal “6 sombreiros para pensar”). Contamos cunha vantaxe considerable con respecto aos adultos e incluso a nenos máis maiores: a súa curiosidade é enorme e o seu desexo de aprender é tan grande como a súa capacidade para formular as dúbidas que lle xorden sobre todo o que lles rodea. Dirixiremos os nosos esforzos non tanto á solución desas dúbidas² como ao desenvolvemento das destrezas cognitivas que xa enumeramos sen deixar de lado as destrezas afectivas que lle van a axudar a abordalas en mellores condicións.

² “Explicar una cosa a alguien, es primero demostrarle que no puede comprenderla por si mismo”

Rancière (2003) El maestro ignorante, Barcelona, Laertes